

Identifícate / Regístrate | Viernes 16 de julio de 2010 | Contacte con farodevigo.es | RSS

pisos coches



NOTICIAS

Portada de Deza-Tabeirós-Montes

HEMEROTECA »

EN ESTA WEB



INICIO Y EDICIONES

SECCIONES

DEPORTES

OPINIONES

CANALES

GENTE Y OCIO

SUPLEMENTOS

SERVICIOS

FDS Gran Vigo Comarcas Morrazo Pontevedra **Deza-Tabeirós-Montes** Arousa Ourense Club Faro Lo + visto Fotos Vídeos Agenda cultural

farodevigo.es » Portada de Deza-Tabeirós-Montes

Cercio homenaxe a emigración mañá no seu festival de baile

Premian á Solaina, a Paío e á cociñeira Julia García

07:47 ☆☆☆☆☆

Me gusta 1



CRISTINA PICHEL - LALÍN Este ano, Cercio organizará o seu XIII Festival de Baile A Carballeira de Cercio para homenaxear a emigración galega e premiar aos defensores da cultura da comarca de Deza. Os actos terán lugar este sábado ás 22.00 horas na carballeira, tal e como explicaron onte as concelleiras de Cultura, Nuria Rodríguez, e de Servizos Sociais, Paz Pérez, xunto co presidente da asociación Carballeira de Cercio, Román Carballal, e o vogal Javier Blanco.

O espectáculo unirá baile e música e estará baseado no libro Cousas, de Castelao, a través do cal se homenaxeará a emigración. De feito, o cartel que anuncia o festexo aparece adornado polos debuxos do escritor. Representaranse diferentes escenas que marcaron a emigración galega tanto en Europa como en América, como a despedida dos familiares, a chegada ao porto, etc. Esta representación farase a través dunha montaxe de bailes cantados a modo de regueifa na que participarán tanto os máis novos como os maiores. Ademais, proxectaranse documentais antigos sobre as consecuencias da onda migratoria que sufriu Galicia e recuperaranse diversos arquivos sonoros da peza teatral Os vellos non deben de namorarse, tamén de Castelao.

A asociación Carballeira de Cercio premiará á Casa Fundación A Solaina pola súa defensa da cultura na comarca e ao pintor Damián Paío "polo seu propio traballo", segundo afirmou Blanco. Estes galardóns lévanse concedendo dende hai seis anos, pero para o vogal, nesta ocasión, son "os que mellor concedidos están". Tamén se outorgará un premio de honra a Julia García –cociñeira do colexio de Cercio– polas súas aportacións á asociación. Todos os agasallados recibirán unha talla en madeira fabricada artesanalmente. Despois dos premios ofreceranse uns pinchos para todos os galardoados e presentes, comida que estará amenizada polo propio grupo de baile da Carballeira de Cercio e pola Casa Aragón en La Rioja, unha banda de folclore aragonés de Logroño.

Unha vez máis, Cercio deixa claro o seu interese por promover a cultura galega. Rodríguez recordou que este colectivo "está formado por un grupo moi unido e harmónico que sempre está disposto a colaborar".



Carballal, Rodríguez, Blanco e Pérez, onte na presentación do festival. // Bernabé/Javier Lalín

HEMEROTECA

Volver a la Edición Actual



ENCUESTAS DE ACTUALIDAD

¿Considera que debe ampliarse la dotación judicial en Vigo para evitar los atascos de sentencias?

- ☐ Sí
☐ No

Votar »

RESULTADOS ACTUALES

Sí 90%
No 10%

¿Debe compensar el Concello al pequeño comercio afectado por las obras de humanización?

- ☐ Sí
☐ No


Votar »

RESULTADOS ACTUALES

Sí 50%
No 50%

Ver más encuestas »

COMPARTIR



¿qué es esto?


ENVIAR PÁGINA »

IMPRIMIR PÁGINA »

AUMENTAR TEXTO »

REDUCIR TEXTO »

VER MÁS OFERTAS AQUÍ



Sé original con Cornetto Enigma
Llévate un Cornett personalizado ahora mismo!. Regístrate gratis y participa.

Consultar



Sony Ericsson C905 libre
Consíguelo ahora a este magnífico precio.

198,00 €



Tarjeta de Memoria Flash
Tecnología Informática para PYMES.

24,18 €

Enlaces recomendados: Juegos | Cta NARANJA de ING 3,5% TAE 4 meses Sin comisiones | DEPOSITOS Open 4%

CONÓZCANOS: CONTACTO | FARO DE VIGO | LOCALIZACIÓN Y DELEGACIONES | CLUB FARO DE VIGO

PUBLICIDAD: TARIFAS | CONTRATAR



farodevigo.es es un producto de Editorial Prensa Ibérica

Queda terminantemente prohibida la reproducción total o parcial de los contenidos ofrecidos a través de este medio, salvo autorización expresa de farodevigo.es. Así mismo, queda prohibida toda reproducción a los efectos del artículo 32.1, párrafo segundo, Ley 23/2006 de la Propiedad intelectual.



Otros medios del grupo Editorial Prensa Ibérica

Diari de Girona | Diario de Ibiza | Diario de Mallorca | Empordà | Información | La Opinión A Coruña | La Opinión de Granada | La Opinión de Málaga | La Opinión de Murcia | La Opinión de Tenerife | La Opinión de Zamora | La Provincia | La Nueva España | Levante-EMV | Mallorca Zeitung | Regió 7 | Superdeporte | The Adelaide Review | 97.7 La Radio | Blog Mis-Recetas | Euroresidentes | Lotería de Navidad 2009

Aviso legal